

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colegiado:
PLN/2022/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 de XULLO de 2022
Duración	Desde as 21:00 ata 23:25 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista para citar que no texto referido á moción de emprendemento en Outes (acta pleno ordinario) a contía que aparece reflectida non é correcta polo que indica que no texto transcríbese que son 70.000€ e o correcto son 7.000€ e que se proceda a corrección da mesma. Tras a corrección do Partido Socialista procédese a aprobación conxuntas das actas das sesións celebradas con data 07.04.2022 (acta pleno extraordinario) e 28.04.2022 (pleno ordinario).

2. Moción Partido Socialista.

Favorable

Tipo de votación

MOCIÓN

Unha vez máis estamos vendo a incapacidade da Xunta de Galicia para xestionar o tema da sanidade no que respecta ó concello de Outes. Non pode ser que un concello que dispón no seu centro de saúde de 5 médicos e un/unha pediatra na primeira semana de xullo pase a estar xestionado con só dous médicos. ¿Está o P.Popular a desmantelar a sanidade pública?. Non son eu quen dende a miña postura de dar solución a esta problemática, pero si creo e considero que unha poboación como a do concello de Outes non se dá xestionado con só dous profesionais. Entendo que esteamos en época de vacacións, entendo que hai baixas inesperadas, tamén entendo que a día de hoxe sigamos coa maior parte das consultas telefónicas, inda que non o comparto, pero tamén entendo que a defensa do rural está na aplicación dos servizos que se están a ver recortados sin ningún tipo explicacións, e que si o noso rural queremos que vaia adiante, temos que coidalo, temos que mimalo, e por eso hoxe aquí vos fago partícipes a todos os membros desta corporación a apoiar o seguinte **acordo**:



1.- Denunciar ante a Xunta de Galicia o empeoramento do servizo público do noso centro de saúde con respecto ao número de facultativos sobre todo nos meses de verán.

2.- Solicitar da Xunta de Galicia o compromiso de que no noso concello, extensible ó resto do territorio, se cubran as vacacións previstas xa que son previsibles e as baixas (imprevisibles) se cubran da maneira mais urxente posible.

DEBATE

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que está claro que existe un problema para cubrir as baixas nos centros de saúde e PACs, a nós dende logo gustaríanos que Outes contase cos profesionais que lle corresponden e sabemos que as veces non é así. Sabemos que as causas fundamentais transcenden máis alá do noso Concello e da nosa comunidade autónoma. O pasado 18 de xullo durante o Ciclo de concelleiros de saúde púxose de manifesto esta problemática e a necesidade de que o goberno central tome medidas neste aspecto. Neste senso, hai comunidades que queren afrontar esta problemática de xeito activo pero non poden porque precísanse medidas para poder exercer as competencias propias, medidas que dependen do Ministerio de Sanidade.

Son precisas medidas de carácter estatal para resolver o problema que excede das competencias autonómicas, foron o goberno galego e vasco os que instan a tomar medidas como a convocatoria de prazas MIR e complementada coa especialidade de urxencias. Sen embargo, o Ministerio non esta tomando medidas para a próxima convocatoria. Tal e como está o escenario a nivel estatal non fago vostede alusión nin a eliminación da taxa de reposición de efectivos por non dicir que o goberno galego si que o fai na medida das súas posibilidades. Sorpréndenos que o grupo de goberno estivera tan activo na redacción desta moción con respecto ás reclamacións ante a Xunta de Galicia cando este mesmo goberno non foi quen de cubrir o persoal titular de socorristas nas nosas praias e non falemos das substitucións.

Cabe recordar que neste pleno presentouse unha moción na que foi criticada a temporalidade dos contratos no SERGAS non é compatible cubrir baixas e vacacións sen ter contratos temporais, polo que non son compatibles unha moción coa a outra. Facer unha análise do problema sen ter en consideración as cuestións sinaladas non cremos que sexa a mellor opción para entender a solución polo que propoñemos que ademais de instar a Xunta a cubrir as przas debe instarse ao goberno central a reformular as prazas MIR en canto a cantidade e especialidades e mellorar a taxa de reposición para que a Xunta poda levar a



cabo as súas competencias.

Como o segundo acordo non esta só nas mans da Xunta nos aprobaríamos a súa moción se accede a varias este segundo acordo da seguinte maneira “Solicitar ao goberno de España que se aumenten as prazas MIR de maneira que se poidan incorporar máis profesionais ao noso sistema sanitario e resolver así o déficit de médicos en atención primaria e ao mesmo tempo solicitar á Xunta de Galicia que cubra a totalidade desas prazas acreditadas e financie o 100% delas con cargo aos seus orzamentos”.

Toma a palabra a Sra. Suárez voceira do BNG que indica que en canto á moción presentada é unha moción coa que estamos de acordo e que íamos a apoiar e na comisión aportouse o oportuno. Que a sanidade pública ten un problema importante é patente e relevante.

As competencias en sanidade pública están transferidas e son competencias do SERGAS e fai referencia a unha reunión do 18 de xuño dos presidentes das CCAA que lle trasladan ao goberno central das prazas MIR, cousa que é verdade. Como as competencias están transferidas o goberno galego debería facer o seu traballo previsión e planificación. Para que un enfermo morra non hai que matalo, para que un enfermo morra só hai que deixar de atendelo e esa é a política do PP da sanidade pública, deixar de facer investimento, deixar de mellorar as condicións laborais e todo isto é o que nos fai estar en esta situación. Fai referencia a unha moción que se trouxo a este Pleno, obviamente as vacacións e baixas teñen que ser cubertos o que non pode ser cuberto de xeito temporal é unha praza de un médico de familia ou especializada que está ocupando a mesma praza dende fai 7a nos e non se estabiliza ese contrato. Esta é a razón polo que os profesionais están marchando a clínicas privadas, xa que, as condicións son moito mellores.

O PP segue co peche de camas, con consultas de atención primarias de espera 15 días, con listas cirúrxicas de ata 2 anos de espera en algunhas especialidades ou nalgunha proba de 2 a 3 anos. Deixen de esquivar a súa responsabilidade.

O BNG trouxemos unha moción no que o pediatra en tres concellos non estaba presente caía todos no de Lousame e a día de hoxe a problemática segue estando aí e por desgraza para o PP segue habendo concellos de primeira e de segunda e pon como exemplo o caso de Sanxenxo. Por outra banda, fai uns meses en plena pandemia era o PP os que pelexaban por ver quen o facía mellor, non serei eu quen defenda neste caso ao goberno central pero todos temos que recordar como o Sr. Feijoo ou Sra. Ayuso como dicían o ben que se estaba a tratar a pandemia nas súas respectivas CCAA.

Somos persoal sensible na atención ao enfermo e iso é coa vantaxe que xogan os



membros do PP.

Toma a palabra o Sr. González que indica que lles parece correcta a moción tal e como está redactada. Cremos que a atención primaria é unha preza angular, entendemos que a situación que se está a dar non é de recibo. A sanidade é un pilar do Estado de Benestar e resulta que a xestión da sanidade é exclusiva da Xunta aínda que outras administracións xoguen outros papeis. Fai falta xestión a medio largo prazo e creo que a Xunta non pode mirar para outro lado. A sanidade non pode permitirse en Outes as situacións que se viven e anunciamos o voto a favor á moción tal e como está redactada.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que apunta que tanto o BNG como CO xa me axudan a rebater ao PP. Cáusame gracia que se sorprendan tanto, sorprendese de todo. Acaba de dicir o Sr. González que pediron transferencias e agora piden medidas no número de prazas de MIR, que fixeron vostedes na última década? Porque estaba todo nas súas mans e non fixeron nada.

Ante as palabras da voceira do BNG que forma da sanidade pública como pouco podo dicir remítome a súa experiencia, e quédome cunha frase: a atención primaria é primordial, non só no noso Concello senón para a saúde dos nosos veciños. A moción vou deixala tal como está e fíxese ata que punto chega a miña sensatez e convidados a que presenten unha moción na que lle reclame ao goberno central que aumenten o número de prazas MIR e eu dareilles o meu apoio.

Toma a palabra a Sr. Molinos que indica que non entende o dito polo Sr. Caamaño se imos a ter o apoio cando presentemos a moción porque non o imos ter agora cando o única que queremos facer na segunda parte é o mesmo que di vostede e a Sra. Molinos expón de novo a parte proposta polo PP. Xa vemos cal é a posición de todos vostedes e o argumentario de todos vostedes e nos apoiariamos esa moción se incorporase o que indicamos anteriormente.

Toma a palabra a Sr. Suárez que indica que con respecto ao indicado polo PP a taxa de reposición no é competencia do goberno central senón competencia do SERGAS e intervéñ a Sra. Molinos para indicar que a mesma sae nos orzamentos do Estado e o SERGAS toma a mesma. Reitera a Sr. Suárez que é competencia do SERGAS que as competencias están transferidas e é onde arranca a problemática principal.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que se pregunten a onde foron moitos facultativos



na última década, Portugal, Inglaterra ... a onde lle pagaban.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 3 abstencións

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 a favor

Apróbase a presente moción cos votos a favor de CO, BNG e Partido Socialista e as abstencións do PP.

3. Moción do Bloque Nacionalista Galego

Favorable

Tipo de votación

MOCIÓN

Dende o BNG levamos anos denunciando a situación precaria na que se atopa a piscina. Moitos dos problemas que sofren os seus usuarios son estruturais e débense a unha mala praxe na construción do edificio pero moitos outros son derivados dunha mala xestión continuada no tempo e dun abandono por parte do goberno de Outes. Xa a comezos de mandato o BNG conseguira o apoio desta corporación para evitar que o ximnasio pechara durante as labores de mantemento do vaso da piscina, o non peche da piscina ao mediodía e a contratación de persoal de sala para o ximnasio. O goberno municipal só cumpríu coa apertura do ximnasio durante as labores de mantemento mentres que dos outros acordos fixo caso omiso. Non contentos con iso tentaron colar neste pleno unha modificación de ordenanza mal feita e sen consensuar e modificaron o horario contravindo o acordado neste pleno. Un exemplo clarificador da súa mala xestión é que, o ano pasado, non foron quen de publicar o catálogo de cursos e oferta deportiva ate finais de setembro. Esta deixadez merma considerablemente a calidade do servizo e fai que moita veciñanza opte por outras piscinas municipais ou outros centros deportivos fóra de Outes. En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO:

1. O goberno municipal deberá a elaborar un proxecto para arranxar as



deficiencias estruturais da piscina municipal, a consensuar as prioridades do mesmo nunha xunta de voceiros previa e a procura de apoio económico doutras institucións.

2. O goberno local deberá organizar e planificar con previsión as actividades, cursos e oferta deportiva cunha antelación suficiente para ser atractiva á veciñanza.

3. O goberno municipal, logo dos trámites necesarios, contratará persoal de sala para o ximnasio.

4. O goberno municipal deberá solucionar, coa maior brevidade posíbel, a falta de persoal a través de medios propios para a substitución por baixa e outras circunstancias de forza maior.

5. O goberno municipal deberá facer un control real do estado actual de todo o equipamento e instalar o que sexa necesario para mellorar as instalacións: mantemento de maquinaria de sala, auga quente, aire acondicionado, controis de aforo, etc...

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que é certo que moitos usuarios quéixanse do estado da infraestruturas e do seu servizo e enumera algunhas anomalías e esta situación vese reflectida o gran descenso no número de usuarios nos últimos anos. Nalgún tempo o número de usuarios chegou a preto de 1.000 e agora no padrón mes xuño 2022 é de 265. sabemos que hai veciños que abandonaron o uso da piscina de Outes e fan uso da piscina doutros concellos e a explicación é que o servizo que se ofrece non é o adecuado. Algúns destes problemas poden deberse a unha cuestión estrutural, en pasadas lexislaturas xa se acometeran obras que permitiron paliar algunha destas problemáticas, enumera algunhas. Consideramos que non se pode permitir que os veciños non teñan unhas instalacións adecuadas para o seu uso, o que queremos é que as instalacións da piscina comecen a funcionar ben e se programen actividades axeitadas e atractivas e que propicie todo isto o aumento de usuarios.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que cónstalle o desmantelamento que se esta a dar nalgúns aparatos e parte das instalacións. Sr. González non se trata de facer grandes obras trátase de coidar as que temos. Non vou engadir nada que non dixeran os compañeiros, cuestión de prioridades.

Toma a palabra o Concelleiro de Deportes o Sr. Rodríguez que indica que comeza coas verbas do BNG na que indican que a situación é precaria e que pode afirmar que a situación xa foi peor e expón algún exemplo coas melloras realizadas por



parte do goberno tanto na piscina que como na sala de máquinas. Con relación a moción que presentaron no que un dos puntos levamos a cabo e os outros estamos a traballar neles. Trouxemos unha modificación da ordenanza na que trasladamos os horarios nos que era adecuada abrir e nos que non había tanta afluencia. O horario que se presentaba na ordenanza era peor que o xa existente? Carga a deixadez do goberno a baixa de usuarios e que usen outras instalacións nesta afirmación vemos un análise moi simple, xa que, limitar a marcha de usuarios a un único factor despois do que todos sufrimos cunha pandemia mundial é moi simple.

Con relación aos punto do acordo no primeiro con elaborar un proxecto e indica as principais problemáticas e xa se estopan localizadas, non temos ningún problema en realizar ese proxecto e presentalo nunha xunta de voceiros e priorizar entre todos cales facer primeiro. Con relación ao punto 2 na primeira quincena de setembro sempre se sacan actividades, salvo o ano pasado por diferentes casuísticas e algunhas actividades foron derivadas a outras instalacións. No punto 3 con respecto á contratación do persoal vimos traballando no aumento do persoal e agardamos que para o mes de outubro contaremos cunha persoa de tempo completo de socorrista recepcionista o que implicará que o resto de persoal terá unha disposición horaria e con vistas a cubrir substitucións crearase unha bolsa con esta praza e tirarse dela para corrixir esta problemática. E con relación a o último punto faise a tempo real e o persoal comunica calquera incidencia e esta garantido e no referente aos mantementos vanse facendo sempre que non se presenten contratemplos e explica algúns dos acontecidos. Como ven estamos intentando traballar nas cuestións que presentan e con relación as verbas da voceira do PP si que houbo un descenso e di que houbo 1.000 usuarios e é certo e agora non son tantos pero non podemos comparar o número de recibos co número de usuarios, xa que, o recibo pode ter 5 persoas como no caso do recibo familiar. Con relación ás grandes obras non habería problema nun consenso e varias delas atópanse valoradas.

Toma a palabra a Sra. Suárez que agradece as explicacións e darnos conta de que teñen detectadas a problemática das propias instalacións o cal para nós se as teñen detectadas porque non as solucionan. Fala de que hai máquinas que votaron ata 3 semanas estropeadas e di que foi que a persoa que a ía arranxar tiña COVID pero se a empresa de mantemento só depende dun traballador mal vamos. En canto á bolsa de traballo alégranos que nos escoitasen e creasen a mesma pero con só un traballador moita bolsa non ben sendo. Fala de que hai unha serie de actividades que derivaron a outra instalación e gustaríanos saber cales son e por último dicir que xustifica vostede do número de usuarios pola



pandemia e que decidiron irse a outras instalacións, logo noutras non había pandemia. Agradeceríamos que poña a pleno rendemento unhas instalacións moi demandadas e usadas.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que o aumento do horario que a finais 2019 non foi oportuno facelo e sen embargo o 19 de xuño de 2018 o mesmo concelleiro, na oposición, fixo unha pregunta ao grupo de goberno naquel momento que había sinaturas que solicitaban a ampliación horaria. Nun ano moito debeu cambiar a situación para que esa petición do 2018 non estea vixente no 2019.

fala de que se gastaron 8.000€ na cristaleira e non sabemos se está en condición de dicir que foi a solución ás goteiras, xa que, sigue habendo caldeiros e tamén que trasladaron o ximnasio e esta foi unha obra que se deixou no ano 2019 do POS complementario e que fixeron vostedes contratada polo anterior goberno, a sala do soto.

Resposta o Sr. Rodríguez que son coñecedores da problemática das humidades e demais e porque non as priorizamos porque hai que priorizar e consideramos que tamén hai outras instalacións deportivas que si necesitaban urxentemente de dotación. Con respecto a persoa que arranxa a maquinaria e unha cuestión de custe se a persoa que a realiza é un prezo mellor agardaremos por este para aforrar cinco días non imos gastar moito máis. Con relación á bolsa, faise para unha praza e a xente que se presente formará parte da bolsa. As actividades que se trasladaron foron un grupo de pilates e un grupo de fullbody porque había mais espacio e permitía máis usuarios. En canto ao descenso dos usuarios dixeran que un factor era a pandemia non todos os factores. E fai referencia ás diferentes cuestións que foron realizadas por parte do PP e que en ningún momento dixeran que a sala de abaixo fose nosa eu solo expuxen o que se realiza na mesma.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 abstencións

PP: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

Aprobase a moción cos votos a favor do PP, BNG e Partido Socialista e a abstención do grupo de goberno.



4. Moción BNG (moción urxencia)

Favorable

Tipo de votación

Fai referencia o Sr. González que en primeiro lugar vaise votar a urxencia da moción e que se presente a urxencia da mesma e que se se aprobase a urxencia posteriormente debaterase o contido da mesma. Polo que da a palabra a Sra. Suárez para que expoña a urxencia da citada moción.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que a urxencia da presente moción trata sobre a autorización das verteduras das minas de San Finx e cremos que dado que no noso Concello o que preocupa no noso Concello é a nosa ría e os postos de traballo dos mariscadores e mariscadoras e por iso é a urxencia de presentala neste último momento aínda que xa pola tarde nos puxemos en contacto cos voceiros do resto dos grupos.

Toma a palabra a Sra. Molinos para indicar que o seu partido non tivo acceso á mesma, que cun receso non é suficiente para dar a opinión sobre a moción e que o seu partido estuda e traballa a sentido do seu voto nas diferentes cuestións e que para o seu partido esta moción non ten suficiente tempo para isto. Que esta moción poderíase presentar con anterioridade para un estudo da mesma.

Toma a palabra o Sr. Caamaño sobre a urxencia da moción que neste caso simplemente dicir ao BNG que comunicalo con anterioridade.

toma a palabra o Sr. González que indica que as formas son importantes e que os acontecementos que se entón non estaban presentes fai dúas semanas.

Finalizado o debate sobre a urxencia da moción prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 4 abstencións

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 a favor

MOCIÓN

A explotación das Minas de San Finx ten unha longa historia de mentiras e accións irregulares por parte da empresa adxudicataria. Nun intento de conseguir



devolver á explotación do lugar sen cumprir coas garantías ambientais pertinentes como xa se ten corroborado en diversos acordos desta corporación durante os últimos anos, non é a primeira vez que chega a este pleno esta problemática.

Da mesma forma informes técnicos de profesionais da Xunta de Galicia teñen corroborado a responsabilidade da concesionaria da mina sobre as presas de residuos tóxicos que ameazan o noso medio natural e a economía do noso municipio e comarca. Isto despois de que se intentase verter mentiras tan obvias como a defensa de que as presas pertencía ao sistema de funcionamento duns antigos muíños, entre outras, ata ese punto chegaron en mentir nos informes.

Especialistas de relevancia internacional teñen sustentado a tese defendida por esta corporación así como pola cofradía, de que as probas piloto que se fixeron hai uns meses sobre as que se pretenden amparar a non explotación da mina de San Finx non aportan ningún tipo de seguridade nin garantía o resultado da actividade mineira non provoque a contaminación de ríos, acuíferos, terreos agrícolas e forestais así com da ría de Muros e Noia. En base ao exposto propónse o seguinte acordo:

1. Rexeitar a proposta de resolución de autorización de verteduras nas minas de San Finx emitida recentemente pola Xunta de Galicia.
2. Instar ao goberno municipal de Outes a colaborar e facer parte das alegacións que presente a cofradía e outros colectivos interesados.
3. Instar á Xunta de Galicia a denegar calquera proceso de explotación das Minas de San Finx que non teña como condición ineludible o desenvolvemento dun novo plan de explotación sometido a proceso de avaliación ambiental.
4. Instar á Xunta de Galicia a denegar calquera proceso de explotación das Minas de San Finx que non teña como condición ineludible o desenvolvemento previo dunha restauración ambiental da contorna da mina de San Finx incluíndo a retirada dos residuos tóxicos das presas.
5. Instar á Xunta de Galicia a denegar calquera proceso de explotación das Minas de San Finx que non teña como condición ineludible o establecemento dunha fianza cautelar á empresa concesionaria cunha contía dunha relevancia o suficientemente importante como para cubrir os impactos no medio natural e a actividade económica na nosa comarca.
6. Instar á Xunta de Galicia a facer un seguimento de calidade das augas na contorna da mina de San Finx dende este mesmo momento e no transcurso dos puntos anteriores.
7. Dar traslado destes acordos á Xunta de Galicia e a cofradía de pescadores.



8. No caso de que se adopte por parte de augas de Galicia autorización para as verteduras a corporación municipal de Outes comprométese a interpor un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por ser tal decisión contraria aos intereses da veciñanza de Outes e da súa comarca.

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que non ten moito que engadir que están de acordo que o que está a suceder ten unha repercusión de xeito negativa e o que dicimos e que non podemos tomar unha decisión polo exposto con anterioridade. Para votar sobre algo temos que lelo con máis tempo. Con relación á nosa posición nós xa a votamos o ano pasado cando a cofradía mandou unha moción e seguimos pensando o mesmo tempo non podemos tomar unha decisión ser estudar a mesmas, polo tanto ímonos a abster.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que o Partido Socialista vai estar sempre apoiando a súa veciñanza. A nosa ría afectanos a todos e despois de ver os puntos da moción, engadiría un máis prque eu instaría á Xunta a que non se poda denegar calquera proceso de explotación que non teña como condicvión ineludible a seguridade. Porque iso é o que realmente é o que nos fai falta a nós, a seguridade de que non pode pasar nada a nosa ría. Que saiban que estamos de acordoo en que se tomen todas as medidas necesarias e oportunas para que non afecte á ría.

Tomas a palabra o Sr. González que en liñas xerais que a postura axustase ao que pensa este grupo e a nosa ría e marisqueo é unha prioridade. Isto mesmo o trasladamos cando fomos citados para a reunión con distintos conselleiros e que o fundamental era a estabilidade económica e cando hai dúbidas por medio de informes e pode dar lugar á explotación a problemas ambientais. Estamos en contacto contonuo co patrón moior e sei que vai a adoptar un acordo para a presentación de alegación e un plan de mobilizacións contra esta decisión. O único punto 8 que se se pode facer unha pequena modificación propoñendo engadir que a “corporación municipal de Outes comprométese a apoiar á cofradía para se fora preciso interpor recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza”. É dicir, que pode haber unha resolución que convenza e non imos ser nós, polo que a redacción é a que temos con esa modificación.

O BNG acepta a modificación integrada por parte do grupo de goberno e indica que poderían sumar a todos os concellos da comarca que queiran adherirse á mesma. Para nós é un tema do que levamos moitos anos preocupados e moitos



meses de traballo a nivel comarcal e local. Refírese a Sra Suárez ao PP indicando que lles dan pouca importancia a esta problemática e insistimos que pon en risco miles de postos de traballo e se o restos de grupos tivemos contactos cremos que os representantes do PP deberían ter feito o mesmo.

Toma a palabra o Sr. Castro para indica que xa lle levan permitindo ao BNG de pensar que vostede ten a verdade total sobre o PP e agora tamén con quen nos reunimos ou con quen falamos. Entón non é permitir o que facemos, nós reunímonos con mariscadores entón cremos que temos unha postura bastante sensata, ímonos a abster e nada máis.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 4 abstencións

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 a favor

Apróbase a presente moción coa modificación no punto 8 introducida polo grupo de goberno cos votos a favor de CO, BNG e Partido Socialista e as abstencións do PP.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

C) ROGOS E PREGUNTAS

PREGUNTAS PENDENTES PLENO ANTERIOR:

- **Do BNG:**

PREGUNTA 1. Ven de “arranxarse” a AC-146 dende Ceilán a Pontenafonso, foron vostedes ver en que condicións, despois de anos de espera, deixaron a pavimentación de dita estrada?

Responde o Sr. González que fomos coñecedores cando a Xunta de Galicia nos indica que para facelo de forma urxente só se pode facer por tramos posto que debería ser un contrato menor dada a contía. Nós trasladamos que nos parecía



unha actuación insuficiente e gardamos que o antes posible completen o arranxo. Estanse a facer unhas cunetas pero é evidente que hai tramos que se están facendo mal.

Pregunta o BNG porque é algo urxente se é algo dende fai tres anos? Ao que resposta o Sr. González que non o tiñan previsto e para facelo de xeito rápido esa foi a forma que optaron. O que fai o deixa de facer a Xunta nos non o sabemos.

- **Partido Socialista:**

PREGUNTA 1. Gustaríame saber en que punto se atopa, estando presente un campión galego que usa a zona do Albán, o tema das luminarias da moción feita das luminarias feita polo Partido Socialista e que foi aprobada neste Pleno fai algúns meses?

Responde o Sr. González que xa están adquiridas e acopiadas e é unha luminaria que funciona con enerxía solar e estamos pendentes de que os electricistas poñan un poste de metal para que canto antes se poida ter iluminación no Albán.

PREGUNTA 2. Falamos de seguridade, este partido trouxo ao Pleno unha moción dos desfibriladores que foron mercados cando llo recordamos que pasaba o prazo, e tiña unha segunda parte que era crear uns cursos para todo o persoal do Concello. Curso que non priorizou a formación para o uso destes aparatos. Temos os mesmos para que non pase ningunha desgracia e o sentido común é que se precisas eses cursos. Cando pensan poñer en marcha eses cursos?

Responde o Sr. Ramos que dende hai tempo está unha asociación do Cruceiro realizando estes cursos e nós estamos apoiando prestando o material adecuado e as instalacións e fai unhas semanas organizouse un curso ao que se convidou a case toda a plantilla do Concello e acudiron moitos dos traballadores.

- PREGUNTAS POR ESCRITO PARA O PRESENTE PLENO:

- **PP:**

1ª PREGUNTA. No Pleno extraordinario do día 22 de Outubro de 2019, aprobouse un crédito extraordinario para a aplicación do superávit orzamentario do ano 2018, actuacións incluídas figuraba a “Mellora da sinalización de tráfico no Concello” por valor de 48.279,00 €. Daquela o Sr. Alcalde, en resposta a varias cuestións manifestadas polo noso Grupo, dixo que a ubicación das sinais fora feita en base a



un estudo desenvolvido pola Policía Local onde se determinaban as necesidades que había no Concello neste senso, e que a ausencia de indicacións no proxecto, que servía de base á habilitación do crédito, na parroquia de San Pedro de Outes non era relevante, apuntando que ese tema se enmendaría máis adiante cando se licitase o proxecto. Pois ben, 3 meses despois fixeron a licitación e esa prometida enmenda non se levou a cabo porque o proxecto que se licitou era o mesmo e non se fixo ningunha variación para incluír sinais na parroquia de Outes.

As xestións para adxudicar a obra foron, como ven sendo habitual con este Goberno, moi longas, non sendo ata o 11 de maio do ano pasado, mais de 1 ano e medio despois de ser aprobadas, cando en X.G.L. se lle adxudicou definitivamente á empresa Serovial, S.L. a execución da actuación. Seguindo o proceso coa lentitude que os caracteriza para asuntos desta índole, deixaron pasar un ano mais e non foi ata a X.G.L. do 7 de xuño deste ano cando se aprobou a última certificación desta obra dándoa así por finalizada, eso sí cunha Resolución da Alcaldía do día anterior na que validaba o Sr. Alcalde a omisión da función de Intervención que nun informe reflexaba que non se convocara a ese órgano interventor para designar representante nin convocara a súa asistencia obrigatoria na recepción da obra.

A piques de cumprirse 3 anos dende que se aprobara o crédito para sufragar esta actuación, as nosas preguntas son:

- ¿Sufreu alguna variación ao longo de todo este tempo o Proxecto que serve de base a esta actuación?
- De ser así, cal foi, polo miúdo, o contido desa variación?
- De non ser así, xa que está a obra recepcionada e está aprobada a última certificación en base aos importes que figuran no orzamento do Proxecto, entendemos que todas as partidas deben estar entregadas completamente, entón ¿en qué lugar do Concello están colocados os 2 paneis de “Benvida ao Concello” que figuran no dito orzamento, po valor de 7.252,82€ (execución material)?
- Xa que na documentación gráfica do proxecto non aparece a ubicación das señais que non son nin de situación nin de dirección, queremos saber onde están colocadas.

Responde o Sr. González que mom houbo modificacións importantes e houbo unha modificación con dúas sinalizacións de Benvida a Outes pero a maiores axustouse o orzamento e púidose facer o logo de metal do Muíño. Seguimos agardando polas autorizacións de estradas e turismo que derivan dos que teñen que facer chegar onde situalas. Onde? No punto quilométrico 68 máis 870 metros no punto de Ceilán e no caso da entrada do Freixo no punto quilométrico 56 máis 260 metros.



A Sra. Molinos indica que ela preguntaba polas outras sinais, pola localización dos 5.671,16 € de execución material de sinais que non son de situación nin dirección. Entón polo que acaba de dicir teñen acopiadas as sinais de Benvida. Ao que o Sr. González contesta que si e ao que a Sra. Molinos indica que a certificación é pola totalidade do proxecto. Responde o Sr. González que esa colocación supón o aforro que indicou con anterioridade e que aparece reflecto na certificación.

Volve a Sra. Molinos a facer referencia as sinais referidas ao que o Sr. González indica que non teñen a ubicación precisa pero si que foron acopiadas e colocadas en medida que houbera necesidade. A Sra. Molinos pregunta que xa que a localización non estaba no proxecto onde as poñían? E o Sr. González indica que en en función das necesidades vanse colocando.

2ª PREGUNTA. O pasado día 13 de xullo deste mes o Sr. Alcalde ditou un Decreto no se adjudicaba a unha empresa de excavacións e desbroces un contrato menor por valor de 18.113,70€ denominado “Limpeza e desbroce de pistas municipais 2022”. As nosas preguntas ao respecto son:

- ¿Cando comenzaron ou van comenzo esas labores de desbroce fai uns días?
- ¿Cales son as pistas que figuran en dito contrato, e cal é a medición da actuación que se contempla?
- ¿Cales foron as outras empresas que presentaron oferta para a realización destes traballos, en que data e por qué importe?

Responde o Sr. González que esas labores xa comezaron e están feitas e consistía no desbroce de todas as pistas asfaltadas da parroquia de Valadares e da parroquia de Outes, en total 56,98 km que é o que aparecía na Memoria valorada. E comezaron na mesma semana do mesmo 13. Indica as tres empresas que se presentaron indicando a adjudicataria e indica os importes ofertados e polo de adjudicación. As ofertas chegaron o 14 de xuño e 15 de xuño.

Toma a palabra a Sra. Molinos de o 13 de xullo ata o 28 de xullo fixeron esas tarefas e non teñen esa rapidez noutras cousas. Con relación ao plan de choque que sempre falan non lles parece un pouco tarde que a 13 de xullo se preocupen por contratar a alguén para desbrozar e non antes.

Toma a palabra o Sr. González que indica que nunca tantos medios se destinaron como se adican agora.



3ª PREGUNTA. O pasado día 19 de xullo deste mes o Sr. Alcalde ditou un Decreto no que se adxudicaba a través dun contrato menor a realización da obra “Ampliación da rede de saneamento en Cando de Arriba” financiada a través do Fondo de Compensación Ambiental do 2022.

Queremos preguntar:

- ¿En que consisten esas obras?
- ¿En que tipo de base documental se recollen as condicións (descripción, medición, orzamento etc.) nas que se basea o contrato menor celebrado? - - ¿Cando comenzou, ou vai comenzoar, a actuación?
- ¿Cales foron as outras empresas que presentaron oferta para a realización destes traballos, en que data e por qué importe?

Responde o Sr. González que os traballos son para a ampliación do saneamento en Cando de Arriba, hai un proxecto redactado por Estudio Técnico Galego e fai referencia aos diferentes aspecto que se establecen. As obras comezaron a semana pasada e esperamos que rematen pronto e a empresa adxudicataria foi NOSA e presentase Cernadas e Valiñas Montes. Os tres ofertaron a mesma cantidade pero contaban con redución de prazo polo que foi adxudicataria.

Toma a palabra a Sra. Molinos que reitera que quere coñecer en que consisten ás obras e non só ao nome do proxecto ao que o Sr. González indica que non vai a entrar.

- **BNG:**

1ª PREGUNTA. Ten o goberno coñecemento de por que motivo non se despregou aínda a fibra óptica no lugar de Outes, tendo en conta o mapa que se compartiu hai un ano na conta do concello na que se indicaba o seu despregue para o 2021? Saben porque razón hai varios lugares nos que chegou a fibra pero as compañías telefónicas néganse a instalarlle aos particulares? Teñen coñecemento de cando se despregará? Fixeron algunha xestión para axilizalo?

Responde o Sr. González que xa se comentou que o prazo ten previsto Movistar para a fibra óptica en Outes a empresa non foi capaz de cumprilo e pediu un ano de prórroga e concedéronlla e por tanto eses lugares previstos a 31.12.2022 deberían ter servizo. Hai que resolver os múltiples problemas e solucionar os problemas. E algúns problemas concretos onde non se pode pasar o clave por exemplo, estamos intentando facer xestións para axilizalo.



Solicita o Sr. Núñez que se incida máis nestas problemáticas porque entendemos que é algo moi importante para que Outes sexa un lugar competitivo e existen numerosos problemas e quizás habería que facer un pouco máis de presión.

2ª PREGUNTA. Diante do proceso do desafectación que está a levar Portos de Galiza a respecto de zonas portuarias en favor dos concellos queremos obter a seguinte información:

Solicitouse a desafectación dalgunha zona portuaria?

Cando se fixo dita solicitude?

Se o proceso está indo con normalidade ou se existe algún problema?

Responde o Sr. González que fomos coñecedores de que Portos de Galicia quere reverter a titularidade de determinados espazos que a nós afectaríanos no muelle do Conchido pero a desafectación non é a favor dos Concellos. Seguramente costas sería o responsable e só se o concello estaría interesado podería facer a solicitude onde entrarían as dúas partes. Nós non fixemos ningunha solicitude. A nós parécenos moi ben que Portos se queira desfacer de certas infraestruturas pero se non ven acompañada dun investimento. Estamos vendo como transcorre este procedemento.

3ª PREGUNTA. Vimos como recentemente hai veciños que amosaron preocupación por unha tubería na praia de Broña, onda a pedra dos corvos, da que algúns din ser para captación de auga mariña por parte do antigo hotel de Broña. Ten o goberno algún coñecemento sobre isto? Sabe en que condicións se atopa e se, debido ao seu abandono, supón algún tipo de risco medio ambiental?

Responde o Sr. González que teñen coñecemento e entendemos que é a captación de auga do hotel do que temos coñecedores de que tiña un viveiro e estivemos avaliando que poderíamos facer e se o debemos facer nós. Non cremos que supoña un grave risco, depende das mareas, valorouse cortala que pode supor un perigo maior e precisamos falar con outras administracións. A aparencia non é desexable e depende moito o citado das mareas.

Indica o Sr. Núñez que instan a que soliciten os informes necesarios para corroborar que a situacións actual desta instalación que non poida haber ningún fluxo de sustancias de vertidos na ría.

4ª. PREGUNTA. Diante da seca prolongada que está a vivir o noso país e da mala previsión a curto prazo, en que situación se atopa a traída municipal de auga?



Tomou o goberno algunha medida para evitar posibles desabastecementos? Cal está sendo a súa xestión ao respecto nos últimos meses?

Responde o Sr. González que nestes momentos non temos gravísimos problemas en canto ao subministro de auga aínda que é verdade que temos problemas puntuais como na Rúa da Capela, posto que se sorte coa traída de Boel e que non ten suficiente presión. É un problema que temos tódolos anos e para ser solventado require grandes investimentos e fai referencia a algúns deles. O que se fixo foi a limpeza dos filtros e aumentar un pouco a presión e cremos que se debeu notar unha pequena melloría.

O Sr. Núñez indica que é unha pena que aínda non se solventara este problema e nós xa temos dito que insista e que cumpra a Xunta de Galicia coas súas promesas.

5ª. PREGUNTA. O 18 de Xullo anunciaba vostede a participación de Outes no plan de implantación de obxectivos de desenvolvemento sostibles (ODS). Podería explicarnos de xeito claro en que consiste dito plan? Forma parte de ditos obxectivos cumprir coa nosa moción na que lle pedimos un plan de saneamento integral? Forma parte a adhesión á planta de xestión do lixo mancomunada de Lousame?

Responde o Sr. González que este plan é unha proposta do Fondo Galego e consiste en deseñar unha serie de medidas seguindo os 17 obxectivos recollidos na Axenda 2030 e en tratar de aplicalos en ámbito local e que sexan implementables. Estase elaborando e quérese abrir á participación pública e as medidas concretas pódense engadir aínda.

6ª PREGUNTA. O estado de moitas das traídas veciñais, a gran maioría do noso Concello, atópase actualmente nunha situación precaria. Mesmo moitas vivendas e incluso empresas do noso Concello carecen de traída de auga. Aínda sendo unha obriga municipal, os propietarios de ditas vivendas arránxanse con pozos particulares que a día de hoxe presentan principalmente dous problemas: a seca e o encarceramento da tarifa eléctrica. Ante esta problemática que resposta ou solución lles vai dar a estos veciñxs e empresarios que poidan asentarse en Outes nun futuro?

Responde o Sr. González que hai unha parte do Concello que non conta con traída municipal de auga e é unha preocupación que temos e algo que implica un estudo en profundidade para dotar a estas parroquias e implica moitos recursos económica



e debe tratar de afrontar a medio prazo e non é algo que se poida solventar de xeito rápido e implica investimentos moi importantes.

Indica a Sra. Suárez que investimentos moi importantes se queremos dotalas de traída municipal pero en concreto referíamo ao estado das traídas veciñais e indica as diferentes circunstancias que moitas desas traídas atópanse nunha situación lamentable. Ao marxe dun proxecto de dotar de traída municipal cremos que estaría ben que o concello fora investindo nas melloras de optimizar os recursos acuíferos, trátase de traballar no que xa temos.

7ª. PREGUNTA. Cantas brigadas de limpeza e desbroce están agora traballando? Existe algunha planificación, tanto a curto, medio e longo prazo, destes traballos? Logo de 3 anos no goberno están satisfeitos co abandono total no que se atopan moitos dos nosos espazos públicos e viais?

Responde o Sr. González que non estamos de acordo coa última frase. Dende fai unhas semanas temos contratadas a catro persoal que están procedendo a facer as brozas manuais e camiños aos que non poden acceder os tractores. Temos tres tractoristas contratados de propiedade municipal facendo as labores de desbroce das pistas e sumóuselle nas últimas semanas un cuarto, dunha empresa externa, e estamos a piques de rematar a totalidade das pistas que se desbrozan no noso concello, 300 quilómetros. Indicar que o abandono das fincas do rural é unha problemática así como que a Xunta de Galicia acaba de comezar as tarefas en poucos quilómetros. Tamén temos dous xardiñeiros que fan un traballo excelente e que contratamos no seu momento para o coidado das zonas verdes e hai espazos no interior do rural que fai falta pero pódese chegar a onde se pode.

Indica a voceira do BNG que agradece que detalle que a maquinaria da que dispon o concello, pero a nosa pregunta referíase ás brigadas. Francamente catro persoas para todo o Concello de Outes parece un pouco ridículo, empezamos a entender porque o noso concello da a imaxe que da e a problemática para os veciños. É certo que o rural está abandonado pero as silvas medraron toda a vida e estas están por todas partes (beirarrúas, estradas, etc.).

8ª. PREGUNTA. A Xunta ven de anunciar o permiso para o baleirado da balsa da Mina de San Finx e posterior posta en marcha. Outes é un dos concellos que depende directamente do marisqueo, actividade que se pon en risco coa apertura de dita explotación mineira. Que medidas ou accións (políticas, xurídicas ou administrativas) pensa tomar vostede para defender unha actividade económica tan importante e relevante?



Indica a Sra. Suárez que esta pregunta decae pola introdución da moción de urxencia do presente pleno.

9ª. PREGUNTA. Cal foi a razón pola que as luminarias do paseo da Ponte Nafonso sexan as de unha travesía convencional e non se decantase por unhas máis ornamentais máis acordes coa contorna?

Responde o Sr. González que cremos que as farolas son modernas e están ben e fan a súa función. Optouse por substituíla por unhas máis altas cun deseño máis atractivo e moderno e non só consumen menos senón que cambiamos aproximadamente 30 por 1/3 e deste xeito aforramos e o paseo queda moi bonito.

Indica a Sr. Suárez que ven a resolvelo por unha cuestión de gustos, altas son e modernas tamén pero bonitas non. Adecuadas para o paseo tampouco e o que fan é alumear a travesía a deixan a semisombra o paseo. Aforro enerxético non o imos a discutir pero insistimos en que puideron ser máis detallistas e dotar a este paseo coas mesmas que puxeron no parque infantil. Como é unha decisión de gusto e é vostede o Alcalde.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que o proxecto aprobouse no Pleno por parte de todos.

- **Partido Socialista:**

1ª PREGUNTA.- Sabemos que as obras da rúa de S. Campio levaron implícitas algúns cortes ó tráfico, pero, ¿sabe vostede, calculou dalgunha maneira o que lle puido supoñer ós pequenos comercios o cerre da mesma xusto a véspera das festas do Concello?, ¿acaso non foi quen vostede de facer pospoñer unha actuación nas obras de un día?

Responde o Sr. González que sobre esta cuestión primeiro que as obras eran molestas e o venres pasado levouse a cabo do pintado e estivo unhas horas pechado o paso e en canto a pospoñer isto é unha obra da Deputación e igual vostede puido falar co seu presidente e comentarlle este tema e non pintar a rúa este día porque causa molestias.

O Sr. Caamaño responde que se ao mellor cobrara o seu soldo podía facelo. Vostede di que os festivos eran domingo e luns pero as festas en Outes tiveron lugar venres, sábado, domingo e luns. Se as obras estaban previstas vostede como alcalde terá



que falar coa Deputación en vez de pintar o venres veñan o luns. Tratase de falar as cousas e en plenas festas non é normal.

2ª PREGUNTA.- Fixéronnos chegar unhas fotos do escombro amoreado debido as obras do saneamento que se están a facer en Cando, ¿Está vostede o tanto, que van levantar aí, algún edificio de dúas plantas?

Responde o Sr. Alcalde que non se pode porque non é unha finca urbanizable. Non se trata dunha obra exclusivamente de saneamento, son tres obras distintas; unha é a obra do camiño, outra é a canalización de pluviais e outra de o saneamento. Isto xera de novo escombros que vai saír de alí o antes posible.

3ª PREGUNTA.- Xa sabemos que agora en Broña temos socorristas, ¿están os actuais socorristas no rexistro profesional de socorrismo acuático de Galicia que o leva a Academia Galega de Seguridade?, ¿Están en posesión do título en concordancia co exixido pola Xunta de Galicia?

Responde o Sr. González que actualmente temos 3 profesionais que prestan servizo profesional na praia de Broña. Un deles xa indicamos que non é socorrista porque é patrón de embarcación. Os outros dous si que son socorristas e foron contratados seguindo o procedemento que marca a propia Xunta de Galicia que marca o servizo público de emprego. A Xunta fai a selección acorde aos seus rexistros e nós seleccionamos e contratamos. Deuse unha circunstancia imprevista, porque as propias bases da convocatoria indica que a listaxe remitida pola Xunta será definitiva o que pasou é que se foron facendo peticións de posibles candidatos nalgún momento os nosos servizos contrataron a unha persoa que aínda que estaba nese servizo non estaba no rexistro galego de socorristas. Un deles non esta. O que imos a facer é iniciar un proceso dende o punto de vista administrativo para solventalo pero no servizo existen profesionais que teñen que cumpren os requisitos.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que pregunta se a persoa segue no servizo ou apartouse deste ao que o Sr. González indica que non se apartou porque agora temos unha cuestión administrativa que resolver e resaltar que ten o título de socorrista. Hai que ver se se modifica o contrato ou unha serie de cuestións, xa que, o contrato está asinado.

4ª PREGUNTA.- Xa sabemos tamén que no verán sobre todo, a veces falla a presión da auga, pero o da rúa da Capela non é cuestión de verán ou inverno, xa que sobre todo os pisos superiores dos edificios non lle chega a suficiente presión



para poñer en funcionamento os cuentadores de auga. ¿Pensa mirar vostede de solucionar o problema ou vaille decir ós veciños de cada edificio que metan unha bomba para que lle chegue a presión arriba? Indica o Sr. Caamaño que se da por contestado coa resposta que deu anteriormente.

- PREGUNTAS PARA O VINDEIRO PLENO:

- **PP:**

PREGUNTA 1: Cando entramos na web de contratación do Estado observamos que na pestana de licitacións correspondente ao Concello de Outes moitas das obras que figuran no listado atópanse no estado de “evaluación” cando sabemos que xa están adjudicadas e recepcionadas. Esta circunstancia dificúltanos a nosa labor municipal, polo que, queremos saber: cal é a razón pola que sucede isto?

- ROGOS:

- **PP:**

ROGO 1. Observamos que no programa gestiona non figura a disposición desta voceira o expediente relativo ao Pleno 31.03 de este ano que foi cando se aprobaron os orzamentos. Queremos supoñer que se trata dun erro involuntario. Rogamos que se nos de acceso a ese expediente.

ROGO 2. Os veciños de Cando de Arriba trasládannos as súas queixas porque os depósitos da auga están nun estado lamentable e precisan dun desbroce urxente. Este mesmo rogo xa o fixemos fai meses e a situación segue sendo a mesma. Polo que rogamus que solucionen este tema para que os veciños poidan acceder aos depósitos sen problema.

ROGO 3. Estamos a ver como os anuncios e a información relativos ao Concello publícanse en perfís de redes sociais particulares, concretamente no Facebook do Sr. Alcalde. Posto que o Concello ten unha páxina web este debería ser o vehículo oficial para facer chegar aos veciños as informacións relativos ao concello e pensamos ademais que ese medio debe complementarse con métodos máis tradicionais para que non haxa persoas que non utilizan as redes sociais e entón non se enteran de nada. Rogamos ao goberno municipal que utilicen a páxina web do Concello para este fin.



ROGO 4. A estrada de Entins a Fontenlos mais os seus usuarios seguen sen ser merecedores da atención deste goberno municipal. No pleno do mes pasado pedímoslle que fixera unha pequena viaxe para que vira in situ a situación pero o Sr. Alcalde non debeu de chegar a velo. A pesar de que Vilar e Fontenlos fosen merecedores de que lles tocase ningún indicador nin sinalización no seu proxecto de sinalización municipal. Como xa lle dixen no pleno pasado esta desatención pode ser porque xa non lle quede a vostede vergonza. Dous anos e medios despois do seu compromiso e o seu incumprimento por 19ª vez rogamos que adecenten e limpen as beiras da estrada que vai de Entins a Fontenlo. A ver si para o mes de agosto non teño que volver a facer este rogo.

- **BNG:**

ROGO 1. Trouxemos a este Pleno nalgunha ocasión e fixemos pública a proposta de crear un mercado periódico (bianual) de excedentes agrarios. En tal caso seguimos agardando a que cumpran con isto ou presenten algo parecido. O único parecido foi a feiriña e se estamos a pouco tempo da de este ano estaría ben fomentar para o mercado de excedentes agrarios. Rogamos que teñan a ben ter esta iniciativa para outros momentos do ano.

ROGO 2. Rogamos que se fagan as cuestións pertinentes para a tramitación da praza de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

ROGO 3. Como é habitual no verán hai máis afluencia de visitantes e máis afluencia de persoas e polo tanto soben certos mantementos. Neste caso traemos un rogo específico que se pode estender a outras situacións do Concello que é por exemplo que o contedor de lixo do Requeixo leva meses cheo e era bo arranxar este tema.

- **Partido Socialista:**

ROGO 1. As beirarrúas da estrada que pasa pola Serra e chega ata Muros están inundadas polas silvas e a maleza impide que un peón poida camiñar por ela. Supoño que os concelleiros do goberno o ven a diario cando veñen e van do traballo. Se hai un accidente non hai onde apartarse co conseguinte perigo. O outro día cruceime con dous señores que fan camiñando por Espiñeiro ca alá e tíñase que meter 1 metro dentro da carreteira. Xa sei que o Sr. González vai dicir que son da Deputación, da Xunta e cada un que se arranxe pero sexan de quen sexan o que está claro é que están todas dentro do noso Concello. Bueno agora xa da media pena porque polo menos na zona de Espiñeiro á Ponte a beira da dereita está limpa.



Chámame tamén a atención o publicado pola Consellería na prensa, xa lle falara sobre a limpeza da estrada AC 550 no municipio de Muros, e que continuarían as tarefas en Noia e Baña. Rógolle que lle inste á Xunta actuar canto antes e se non o fai acuda vostede á prensa e mándelle unhas fotos de como están as beirarrúas. Póñoome a súa disposición para falar con quen faga falta.

ROGO 2. Hoxe saíu moito neste pleno a palabra priorizar, non me cabe dúbida que seguen sin coincidir as súas coas nosas. Pero a partir de agora saiban vostedes que ademais do Ferrari, do mural ímoslle engadir as minisaias das torretas. Volvo a a defendelas como bonitas pero a prioridade deberías ser o mes pasado a contratación dos socorristas pagándolle un pouco máis ou amañando a parede do campo de fútbol. Rógollo que pensen algo máis no día a día da xente e valoren antes outras prioridades como a limpeza de outras praias sen que depende de onde veña o vento.

Remata a sesión ás 23:25 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

